

Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación

cursos_ congresos_ simposios



RICARDO CARVALHO CALERO: ciencia, literatura e nación

Coordinación editorial de:

Carlos Caetano Biscainho Fernandes

Xosé Manuel Sánchez Rei

A Coruña 2011

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS

RICARDO CARVALHO CALERO: ciencia, literatura e nación

Coordinación editorial:

BISCAINHO FERNANDES, Carlos Caetano, SÁNCHEZ REI, Xosé Manuel

A Coruña, 2011

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións

Cursos-Congresos-Simposios, n.º 117

N.º de páxinas: 216

Índice, páxina: 5

ISBN: 978-84-9749-475-5

ISBN: 978-84-9749-771-8 (electrónico)

Depósito legal: C 1033-2011

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497718>

CDU: 80: Lingüística. Filoloxía.

811.134.4: Galego.

821.134.4: Literatura galega

Edición

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións

<http://www.udc.es/publicaciones>

© Universidade da Coruña

Distribución

Galicia: CONSORCIO EDITORIAL GALEGO. Estrada da Estación 70-A,

36818, A Portela. Redondela (Pontevedra). Tel. 986 405 051.

Fax: 986 404 935. Correo electrónico: pedimentos@coegal.com

España: BREGÁN. C/ Lanuza, 11. 28022, Madrid. Tel. 91-725 90 72.

Fax: 91- 713 06 31. Correo electrónico: breogan@breogan.org.

Web: <http://www.breogan.org>

Deseño da cuberta: Servizo de Publicacións da UDC

Imprime: Lugami Artes Gráficas

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do copyright.

Índice

Nota dos editores	7
A gramática galega no século XX. O contributo de Carvalho Calero Rosario Álvarez	13
<i>Auto do prisioneiro</i> nas Mostras de Ribadavia: a recepción cénica da obra dramática de Carvalho Calero no período refundacional do teatro galego Carlos Caetano Biscainho Fernandes	31
Momentos de memoria persoal e comunal de RCC Carmen Blanco	49
Carvalho Calero e a lingua galega: coherencia, compromiso e visión de futuro Xosé Ramón Freixero Mato	67
Pensamento, intervención e ciencia María Pilar García Negro	87
Ricardo Carvalho Calero, soliloquio contra a desesperanza Francisco Rodríguez Sánchez	91
O labor universitario de Ricardo Carvalho Calero José Luís Rodríguez	111
Etapas no pensamento lingüístico de Ricardo Carvalho Calero José-Martinho Montero Santalha	127
Ricardo Carvalho Calero: planificador da lingua galega Bernardo Penabade Rei	147
Achegamento urxente á narrativa de Carvalho Calero Henrique Rabuñal	157
Carvalho Calero poeta: a palabra no exilio Francisco Salinas Portugal	175
A sociolingüística sobre o galego antes e despois de 1936. O contributo de Carvalho Calero Goretti Sanmartín Rei	187
O teatro de Ricardo Carvalho Calero Laura Tato Fontaíña	201

A gramática galega no século XX. O contributo de Carvalho Calero

Rosario Álvarez

-Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela-

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497718.013>



Agradezo vivamente o convite dos organizadores para formar parte desta sección destinada a rememorar o pensamento lingüístico de don Ricardo Carvalho Calero e tamén que se pensase en min para iniciar neste foro a reflexión sobre o seu contributo á gramática galega. O título proposto é preciso, e esclarecedor por si mesmo, do perfil e obxectivo desta contribución, que paso a desenvolver en catro partes de peso desigual: o contexto en que xorde o proxecto da *Gramática*; o nacemento do Ricardo Carballo Calero gramático; a tradición gramatical (galega) en que se inserta a *Gramática elemental del gallego común*, xunto coa evolución do texto ao longo das sucesivas edicións; e o valor e o impacto da *Gramática* na Galicia do seu tempo.

1. O difícil contexto

1.1. A precariedade dos estudos lingüísticos e filolóxicos

É un lugar común referirse ao ermo dos nosos estudos lingüísticos ata promediar o século XX. Galicia non dera grandes traballos de descrición e análise da súa lingua, como non dera tampouco filólogos e lingüistas. Esta foi unha eiva do Seminario de Estudos Galegos, como xa sinalamos noutro lugar (Álvarez 1991), e segue séndoo cando a mediados do século se tenta revitalizar a Real Academia Galega e mais cando se poñen en marcha os proxectos de Galaxia e Penzol¹.

Nos epistolarios da época –especialmente nos de Ramón Piñeiro e de don Ricardo a Francisco Fernández del Riego– hai múltiples referencias a traballos de Carballo Calero, que forma parte dun grupo organizado para a recuperación da escrita en galego e para a promoción de estudos feitos en e sobre a cultura galega. Pero son sempre ensaios e estudos de crítica literaria (Curros, Rosalía, Otero Pedrayo...), cando non obras de creación propia. Mesmo se conta como é el quen concibe esa obra monumental e magnífica que acabou converténdose na *Historia da literatura galega contemporánea* (RP 2000: 110). É unha obra na que está invertido durante moitos anos (comeza a falar dela no 56), coa axuda solidaria de moitas persoas, e pola que sente verdadeira paixón, de maneira que fala seguido dela (RP 2000: 194; ano 1963). A *Historia* é o expoñente máis claro, e tamén o logro máis conseguido, do espírito renovador que lle queren dar ao proxecto Galaxia, por medio da investigación cultural:

1 Como salienta H. Monteagudo (2010: 73), a propósito da creación da Fundación Penzol e do interese que este grupo de intelectuais tiña no desenvolvemento da investigación filolóxica, o «primeiro filólogo profesional que exerceu como tal na universidade galega antes da Guerra Civil foi Abelardo Moralejo, que nin era galego de orixe nin posuía coñecementos previos sobre a lingua galega. Obviamente, a situación non mellorou na década dos 40 nin tampouco dos 50». Para unha visita máis matizada á historia dos estudos gramaticais galegos, remitimos á presentación feita en Álvarez 2003.

Orgaizando unha especie de prestación bibliográfica colectiva, pódense facilitar a cada investigador –que traballe para Galaxia– os elementos necesarios para o seu labor. Galaxia pode establecer este servizo. Contando con el, Carballo comprometeuse a unha empresa de gran alento: a elaboración dunha *Historia crítica da literatura galega*. Revisará toda a nosa literatura para ir establecendo un xuízo crítico actual. Levaralle naturalmente, moito tempo (RP 2000: 110).

Tamén é esta a faceta que Piñeiro eloxia nel, cando lle fai ver que a creación da Sección de Filoloxía Románica –que traerá consigo en 5º curso a «cátedra» de lingua e literatura galegas– debería dar lugar a unha «verdadeira escola de Lingüística galega», e que el está chamado a xogar un gran papel (estamos en novembro de 1962)²:

Ora, eu penso que a cadeira de Língua e Literatura Galega, que comenará a funcionar dentro de dous anos, correspóndelle de modo natural ó autor da gran «Historia da Literatura Galega» que vai saír, ben oportunamente por certo, de «Sete Poetas Galegos», de «Aportaciones a la Literatura Gallega Contemporánea», de «Poemas esquecidos ou inéditos de Pondal», de «As Fontes Literarias de Rosalía», etc., etc. ¿Non coidas ti o mesmo? (RP 2004: 63).

1.2. Os lingüistas e filólogos do círculo de Galaxia

Nun principio, Carballo Calero non aparece como lingüista, nin sequera como filólogo. Non se conta con el para iso. O seu é a literatura, tamén en estado moi deficitario ata a súa magna obra.

Cando pensan nun lingüista, pensan en Aníbal Otero: «Tamén quero que falemos con Celestino e, se posíbel for, que nos acheguemos a Meira para falaremos con Aníbal Otero e tratar de concretar algún plan de tipo lingüístico. Polo menos ver qué traballo podía el facer e tratar de o comprometer a que o faga» (RP 2000: 146 [15/08/58]). E como filólogo teñen a Martínez López, que anda coa edición da *General Estoria* (RP 2000: 126), e mais a Pensado, que na altura de 1958 se fai catedrático de Oviedo (RP 2000: 140), e do que se esperan grandes logros na edición de obras medievais, a comezar pola dos *Miragres* (RP 2000: 162). Para a edición de textos medievais contan, ademais, con Ferro Couselo, que nalgún proxecto prevén

2 Muda de opinión, pois uns anos antes alimenta as expectativas de Filgueira [17/01/1950]: «Dixéronme que pensan crear a cátedra de Lingua e Literatura Galaico-Portuguesa na Universidade de Santiago, en cuio caso coido que vostede non terá posible rival pra ocupala. Sería unha gran cousa, pois vostede e Otero (si vai pra Santiago) poderían vivificar un pouco a nosa Facultade de Filosofía» (RP 2009b: 30).

forme tándem con Pensado (un paleógrafo e un romanista), como cando se dispoñen a editar parte do fondo documental galego medieval, coa axuda da Gulbenkian (RP 2000: 177). Isidoro Millán, helenista, é tido máis como un humanista ca como un filólogo que se poida ocupar da lingua galega. Tamén entra no capítulo dos lingüistas do seu círculo Aquilino Iglesia Alvariño, que anda co seu *Diccionario* e do que se esperan grandes resultados, xa que «como leva varios anos traballando sistematicamente na obra, será, sin dúbida, unha aportación francamente valiosa» (RP 2000: 126-127 [09/09/1957]). Aínda que o lexicógrafo de Galaxia é, naturalmente, Eladio Rodríguez (1954; RP 2000: 84); falan de tirar 5000 exemplares do dicionario, cifra que asusta a Piñeiro (RP 2000: 124). Tamén contan con Manuel Rabanal e con Abelardo Moralejo, aínda que, como di Piñeiro, «nin son galegos nin conocen o galego na medida necesaria [para ocuparse da gramática]» (Freixeiro 1994: 208). E teñen contactos con Zamora Vicente, Dámaso Alonso, Piel, Lapa... E confían en que completen unha boa formación científica, ao servizo do país, investigadores novos como Ramón Lorenzo (con Cintra en Lisboa, con Piel en Colonia...) ou, logo, o aínda estudante Antón Santamarina.

Con Aníbal Otero faláron en distintos momentos para convencelo de enfrontar varios proxectos (desde o grupo Galaxia, desde o proxecto Penzol, desde a RAG...). Otero Pedrayo (1950), posiblemente por encomenda de Piñeiro, tenta animalo a que redacte unha gramática histórica, con destino á *Historia de Galicia*, pero Aníbal declárase pouco competente na materia e propón os nomes de García de Diego e Eugenio López Aydillo (Alonso 2009: 14-15). Ante a negativa de Aníbal Otero de se facer cargo do capítulo da lingua na «grande obra», recorren a Aquilino Iglesia, latinista, cun resultado que non satisfai os promotores de alén mar (Alonso 2009: 15), e de feito, aínda que eles propoñen que se refaga (1955), non se chega a publicar no segundo volume (1962); non parece que esta fose unha boa carta de presentación diante do grupo Galaxia, como para lle propor a redacción da *Gramática*.

As esperanzas de que Aníbal Otero «repare» dalgún xeito a falta secular de lingüistas redóbranse cando é proposto como membro da RAG [24/12/1963]:

Non queremos deixar de someter á consideración dos señores académicos unha razón que pesou decisivamente no noso ánimo ó pensar na presente candidatura e que, na nosa opinión, reviste unha importancia escepcional: a de ser D. Aníbal Otero, entre todos os galegos aitalmente vivos, o máis profundo e amplo conocedor da nosa realidade idiomática ademais de ser o investigador que máis traballos científicos leva aportado á lingüística galega nos derradeiros 20 anos.

Si o estudo da nosa lingoa é unha das misións máis importantes da Academia, a incorporación de Aníbal Otero ó seu seo será, coidamos, da meirande oportunidade e proveito (*apud* Alonso 2009: 20).

1.3. A necesidade dunha *Gramática*

A carencia dunha gramática do galego á altura das circunstancias era evidente. No ano 1959, cando falan de dotar con libros unha inminente cátedra de galego³, teñen que recorrer á de Lugrís: «Para dotar á cátedra de galego deberemos facilitarlles un exemplar do *Diccionario* de don Eladio, tres ou catro do *Vocabulario* das Irmandades e unha *Gramática* de Lugrís Freire (hai un exemplar en Galaxia)» (RP 2000: 153). A posibilidade dunha incorporación –ben que sexa mínima– do galego ao ensino, fai que esta lagoa se sinta como unha eiva.

De feito, antes de rematar a década dos 50, no seo da RAG, comeza a haber movementos neste sentido. En novembro de 1960, a Xunta de Goberno da RAG queda facultada para nomear a comisión encargada de redactar un manual de gramática galega. En febreiro de 1961, a comisión queda constituída. Segundo informa Ramón Piñeiro en carta a Pensado [02/01/1962], a pertenza á comisión comprende dous niveis:

Nomearon unha Comisión, hai varios meses, integrada por Moralejo, Rabanal e máis Iglesia Alvariño, encargada de redactar unha Gramática que logo sería sometida a consulta a unha comisión máis ampla, formada por Filgueira, Bouza, Taibo e Carballo Calero. Como morreu Iglesia Alvariño, e como os outros dous ponentes –Moralejo e Rabanal– estaban en Santiago, desináronme a min pra substituír a Aquilino (RP 2009: 41-42)⁴.

3 Probablemente se refiran á reapertura da cátedra de Lingua e Literatura Galegas da Universidad de Madrid –anterior ao 36, mais de feito inoperante–, promovida por Fraga Iribarne ao seu regreso da VIII Asemblea Xeral da UNESCO (Montevideo 1954), onde se presentara o manifesto *Denuncia diante a UNESCO da persecución do idioma galego pol-o Estado Español*, redactado por Piñeiro (véxase Alonso 2003). De tódolos xeitos, eles levaban algún tempo a soñar coa entrada do galego no ensino universitario en Galicia, como mostra o feito de que Piñeiro lle falase a Filgueira das súas opcións xa en 1950; era esta unha vella reivindicación do galeguismo, desde as primeiras décadas do século (para a prehistoria destas cátedras, véxase Boullón & Tato 1991).

4 Na relación faltan Risco e Chao Espiña. Noutros lugares cítase unha Comisión formada pola Xunta de Goberno e os académicos Risco, Bouza-Brey, Filgueira Valverde, Victoriano Taibo, Aquilino Iglesia Alvariño (logo substituído por Piñeiro), Chao Espiña, Carballo Calero, Abelardo Moralejo e Manuel Rabanal (Freixeiro 1994: 167; Vilavedra & Pena, en Carballo 2006: 293, nota 44); esta é tamén a composición descrita por Monteagudo (2008: 108), que ademais inclúe Filgueira na comisión redactora, nome que omite Piñeiro na súa mensaxe.

Curiosamente, non forma parte da Comisión, en ningún nivel, Leandro Carré, académico, autor do *Compendio* editado en 1919 e dunha gramática sometida á consideración da corporación académica uns anos antes (Freixeiro 1994: 166 e ss).

A inoperancia desta comisión, as disensións internas, as discrepancias sobre a mesma oportunidade da empresa etc. deron cabo da iniciativa. Freixeiro desenvolveu este tema, con importante achega de documentos, e alí remitimos (1994: 166-179), mais non sen salientar que Piñeiro escabezaba a liña de oposición a que a RAG asumise nese momento esa tarefa. En decembro de 1962 aínda se discute sobre a conveniencia de que a RAG redacte esa gramática. Piñeiro segue pensando que é unha operación dificultosa e arriscada, que non se gaña só con entusiasmo, e que a Academia non está medindo ben as súas capacidades⁵.

Piñeiro retarda a actividade da comisión e, de feito, parálizaa. Podemos preguntarnos se hai outras razóns a maiores, pero en todo caso é evidente que non confía na capacidade idiomática e científica dos membros da comisión propostos (ou dos que, dentro dela, poderían facerse cargo do traballo real). As razóns declaradas son dúas: os tempos e o avance do coñecemento non están maduros para poder realizar unha obra á altura esixible á institución académica; faltan os especialistas solventes en materia gramatical que, ao mesmo tempo, teñan un coñecemento íntimo, como falantes expertos, das particularidades gramaticais desta lingua. Dille ao Presidente da Academia [26/01/1962]:

I a Academia non debe, non pode dar un paso en falso no problema idiomático. Estamos nun semi-caos lingüístico. Pra saírmos dil necesitamos da autoridade normativa da Academia. Eso obrígalle a proceder con moito tino e coa meirande responsabilidade. Pensar que no estado aitual dos nosos coñecementos lingüísticos pode a Academia publicar a Gramática “académica” do galego é bastante alarmante pra quen teña conciencia da nosa realidade idiomática e dos seus intrincados, múltiples e delicadísimos problemas [...]. Mesmamente pola responsabilidade representativa do teu cárrago, considero moi comenente que dispoñas dos mellores e máis solventes asesoramentos en materia tan importante e na que ti non eres especialista, como lles ocorre ós restantes académicos, pois os dous únicoa que o son –Rabanal e Moralejo– nin son galegos nin conocen o galego na medida necesaria (Car-

5 Con posterioridade á celebración das Xornadas e xa concluído este relatorio, viu a luz o texto do informe de Piñeiro á RAG, editado e comentado por Antón Santamarina (2009, aínda que publicado en 2010). Remitimos os lectores a este texto fundamental. A lectura confirma as impresións obtidas a partir de retallos epistolares e doutro teor dos distintos protagonistas.

ta de Ramón Piñeiro a Sebastián Martínez-Risco, presidente da RAG; *apud* Freixeiro 1994: 208).

Poucos días antes escribíralle a don Ricardo (15 xaneiro), que ao parecer non era da mesma opinión, prometendo unha conversa sobre o «choio» da gramática: «Logo teño que me ocupar do choio da Gramática, do que penso falar longamente contigo na primeira ocasión que vaia por Lugo (que procurarei que seña axiña)» (RP 2004: 49). Non sei se se celebrou a xuntanza nin que faláron; Carvalho non lle conta nada sobre iso a Del Riego.

1.4. A difícil encomenda

Todo indica que nin na RAG nin entre os membros do grupo Galaxia se está pensando en Carballo como autor dunha gramática. Nin sequera forma parte da comisión redactora, senón da que terá que informar o proxecto e o seu resultado. E a comezos do ano 62 Piñeiro anda aínda á procura de quen poida facerse cargo da empresa académica. Na consulta que lle fai a Pensado, como especialista, sobre a conveniencia desta empresa, no nivel contemporáneo de coñecemento do galego, chega a propoñerlle que asuma a encarga [02/01/1962]:

Ora, tanto Moralejo como Rabanal, que son dous lingüistas moi ben preparados, consideran que iles teñen un fallo importante: non seren galegos nativos. Ocorre, en cambio, que o único romanista galego con plena responsabilidade científica eres tí. Non sei o que pensas sobre a posibilidade de facer hoxe en día unha Gramática Galega «oficial», ou seña, da Academia. Gustaríame moito falar longamente contigo diste asunto. De todos os xeitos, agradézoche que me poñas dúas liñas decíndome a tua opinión. Animarías-te a facer tí a Gramática? Si así for, eu comunicariallo á Academia, que levaría gran alegría (RP 2009: 42).

Pensado declina. Segundo se desprende da resposta comprensiva de Piñeiro [04/02/1962], os seus «roteiros académicos sempre estiveron alonxados da nosa complexa realidade idiomática aitual», pero ofrécese como consultor ou conselleiro:

¡Qué lástima que en lugar de estares en Oviedo non estiveses eiquí en Compostela! ¡Cántas cousas se resolverían! De todos os xeitos, o saber que se pode contar co teu consello éncheme de satisfacción, como lles ocurrirá a todos os demás en canto lle-lo comunique. Pola miña parte non deixarei de recabar o teu consello esteñas onde esteñas (RP 2009: 43).

2. Ricardo Carballo Calero, *grammarien malgré lui*

O certo é que a fins do ano 1963 Carballo asume, resignado –militantemente, diría–, cunha vontade de servizo á causa digna de louvanza, o compromiso de redactar «a gramática». Non se lle encarga a gramática académica, que queda efectivamente parada, senón unha gramática para a editorial Galaxia que, con toda a carga simbólica que se lle queira atribuír, non ten a transcendencia nin a carga de responsabilidade dun texto institucional⁶. A solución ten a marca de Piñeiro: resólvese o problema, aténdese de maneira posibilista unha demanda e non se implica o prestixio da RAG. A encarga e a designación do autor tamén parecen nacer de Piñeiro. Dille Carvalho a Del Riego:

Xa que anunciades a miña Gramática teréi que pensar en facela. Conviría que me mandaras todo o que teñas de antecedentes; pois eu carezo de libros de filoloxía galega. Xa lle dixen a Piñeiro que había que me fornecer dunha pequena biblioteca filolóxica (CC 2006: 379).

A gramática non está no centro dos seus intereses nin no ámbito de saber en que se pode sentir máis seguro. E, ademais, provoca nel unha distracción de mellores empresas que non sempre leva co mellor ánimo. Non faltan, da súa pluma, comentarios coma os seguintes: «Logo teño moitos materiais pra un segundo Pondal. Pero, ¿quén pensa niso coas triganzas⁷ da *Gramática*?» (CC 2006: 395).

A tarefa non só o pon nunha situación comprometida, senón que o desacouga. Non me parece que sexa simple modestia –nin moito menos un intento de poñer a venda antes da ferida–, o feito de que a media tarefa se exprese do seguinte xeito [31/05/1965]:

Vai inzando, mais é imposible se facer ilusións: nas condicións en que traballo se non pode prever cándo a remataréi. Presenta, como podes comprender, mil dificultades, e os problemas boligan arredor de cada custión. Hai unha corrente de opinión desfavorable á empresa. Os seus representantes coidan que istas enerxías debínan consagrar ao segundo tomo da Literatura,

-
- 6 É importante salientar a diferenza. Faino tamén Piñeiro no seu informe: «Xa temos visto que no estado actual dos nosos coñecementos lingüísticos a tentativa de Gramática académica do galego é prematura. Fáltalle base ouxetiva, fáltanlle os necesarios datos sistemáticos. Non interesa, en absoluto, que a Academia publique unha Gramática galega máis, un novo ensaio provisional de Gramática galega. A Academia ten que publicar a Gramática *do galego*, que é cousa abondo distinta. As Gramáticas provisionais son necesarias e compre que se publiquen, cantas máis mellor. Pro esa non debe de ser responsabilidade da Academia senón persoal dos seus autores» (Santamarina 2009: 13).
- 7 Segundo Franco Grande: «s. f. Zozobra grande del ánimo. Rencor, odio, enemistad inveterada» (DD: s.v.).

porque a Gramática non pode saír tan ben que xustifique o tempo empregado en compoñela. En fin, eu estou xa embarcado na empresa, que me resulta penosa, e que posiblemente non satisfaga a ninguén: pero se a considerades necesaria ¿que ía a facer? (CC 2006: 395).

E engade aínda, remarcando que a súa carga foi recibida e asumida, a falta do compromiso doutros posibles autores:

Os capacitados pra elo dificilmente querenían arriscar o seu prestixio nista tarefa, que considerarán política e non científica. Terán medo a Dámaso Alonso, que ten dito que por moito tempo non será posible unha Gramática galega coma a catalana de Badía (CC 2006: 395).

Non cabe pensar, de xeito ningún, que asumise a tarefa sen ponderar ben as dificultades con que se había atopar. Ao parecer, na polémica a propósito da gramática da RAG, concordaba con Piñeiro sobre este asunto, se ben non por iso deixou de ser partidario da súa elaboración. Así o recolle Piñeiro, noutra das súas cartas [01/06/1962]:

Recibín a tua carta e maila copia do teu dictame sobor do informe que eu lles enviara. [...] inda que xa tiña trocado impresións contigo sobre o problema. A copia que fixera para che mandar a ti decidín enviarlla ó Pensado, porque xa tiñamos falado tamén do problema, e ademáis porque, sendo il a meirande autoridade romanística con que contamos hoxe os galegos (a menos que queiramos facer moito fincapé na galeguidade de Menéndez Pidal, que non é prudente), prá miña tranquilidade íntima era moi importante saber a súa opinión, que resultou ser confirmativa. Entre outras cousas, di: «Estoy enteramente de acuerdo con tu visión certera y exacta». Iste respaldo dame bastante tranquilidade. E polo que leo no teu dictame *vexo que no tocante ó labor inmediato tamén coincides*. Polo menos servirá pra que a Academia tome plena conciencia do problema e das súas dificultades. Refírome, naturalmente, á Academia como conxunto e non a uns cantos académicos, entre iles ti, Filgueira, etc., que tedes máis crara conciencia que eu e que xa vos ocupástedes do problema nos tempos do Seminario de Estudos Galegos (RP 2004: 57-58) [cursiva nosa].

2.1. A Gramática elemental del gallego común

Non é o noso propósito facer unha análise polo miúdo da *Gramática* nin da súa evolución interna ao longo das sete edicións que tivo. Son varios os autores que se teñen ocupado dela, con aproximacións interesantes, ás que remito (fundamentalmente, Alonso Pintos 2006, Sánchez Rei 2008).

A feble tradición gramatical pouco axuda nos anos 63-66, cando don Ricardo se pon á tarefa. Mesmo chegando a dispor das súas obras, nin Ramón Álvarez de la

Braña, nin Francisco Mirás, nin Juan Cuveiro serían de ningunha axuda. Tampouco debeu contribuír moito Carré, que nese momento está redactando a gramática que verá a luz uns meses despois da de Carballo (1967), pero que xa en 1956 sometera ao parecer da RAG o texto dunha gramática (remitimos a Freixeiro 1994: 166 e ss.); o feito de que uns anos despois a corporación se vexa na obriga de andar buscando unha personalidade ou comisión a quen encargarlle a tarefa é ilustrativa abondo do parecer sobre a súa obra⁸. Desde logo, na visita á *Gramática elemental* resulta evidente a presenza continua de Saco Arce (1868), tanto na parte descritiva coma nos propios exemplos; é dicir, Carballo conecta coa nosa mellor tradición gramatical, e dentro dela apoiárase tamén na gramática de Lugrís (1922, 1931), que se nutre na do sabio ourensán e actúa como referendo del no século XX.

A *Gramática elemental* é unha gramática de corte tradicional, tanto no seu deseño xeral coma no seu desenvolvemento. Non se di isto como unha crítica que pretenda de ningún xeito minusvalorala. Na conxuntura de ter que afrontar tal empresa, Carballo só pode partir do pobre tecido que ten ao seu dispor, en forma de gramáticas previas e de escasísimos traballos particulares: é comprensible que asuma como reto facer unha descrición a un certo nivel, sen grandes descompensacións entre as partes e sen grandes lagoas; sería menos asinado, quizais, que non sendo propiamente lingüista nin tendo vocación de tal, asumise revisar tamén o modelo e reorganizar a información consonte ese cambio. Doutra banda, non se dirixe a lingüistas, senón a usuarios heteroxéneos que tamén estaban instalados no mesmo coñecemento da gramática tradicional e non esperaban –nin se callar recibirían do mesmo xeito– unha gramática que engadise a dificultade dun modelo diferente.

É tradicional e conservadora, tamén noutros aspectos menos xustificables (quizais porque, a pesar da cautela, non a damos xulgado sen asomo de criterios presentistas). Fago miña esta descrición de Serafín Alonso:

O arquetipo de bo galego que esta gramática bosquexa nos seus trazos básicos podería definirse como unha variante aínda minoritaria, escrita, literaria, contemporánea e supradialectal, que procura os seus referentes non na fala popular senón na linguaxe refinada das persoas ilustradas (Carballo 1966a: 14), un colectivo urbano que se sabe tan reducido que constitúe unha verdadeira «aristocracia intelectual» (Carballo 1966a: 31). Os falares populares, sobre os que non existían apenas estudos naquel tempo, nin se escollen como

8 Advírtase, ademais, que o seu nome non figura en ningún nivel da ampla comisión nomeada pola RAG.

modelo de enxebreza nin merecen para o autor consideración de bo galego. Ricardo Carballo Calero defende outro modelo, o literario, seguindo unha tradición que, desde as súas orixes grecolatinas, estende a súa influencia ata os nosos días situando nos escritores canónicos o modelo de boa lingua. O que se pretende é a «fijación de una lengua literaria» (Carballo 1966a: 15), delimitando ben claras as distancias entre esta e a realidade oral popular (Alonso 2006: 148-149).

O seu arquetipo é a linguaxe das persoas refinadas, isto é, urbanas e cultivadas, non o pobo galegofalante. Traslada así o prexuízo de que son as elites as que deben marcar o camiño da lingua correcta –como ocorreu adoito noutras sociedades–, sen lles dar a voz aos falantes como se comeza a propugnar na lingüística da época; pero, sobre todo, desconsiderando que na situación sociolingüística de Galicia debería resultar evidente que non poden servir de fonte os que non o teñen como lingua habitual.

E, ademais, a descrición segue facéndose en español e supeditada á gramática do español: non se redacta unha gramática galega íntegra e independente, só se describen e ilustran as diferenzas. De inicio, a redacción en español é consecuencia do contexto político en que viu a luz, en pleno franquismo; aínda que esta explicación só vale para as primeiras edicións, é comprensible que logo non se procedese a unha alteración tan profunda (á que polo demais xa non se mostra disposto: nin sequera quere introducir cambios en profundidade por causa do avance do coñecemento). É máis difícil xustificar que non rompa coa tradición de subordinar a descrición do galego ao coñecemento gramatical do español, coma se non fose unha lingua independente:

Unos [alumnos da Facultade] y otros [futuros profesores de EXB], así como las demás personas cultas que manejen este libro, conocen el español oficial, que es su lengua escolar, y por lo tanto poseen nociones gramaticales más o menos profundas de dicha lengua. Partimos de ese supuesto, y, a causa de ello, en general, omitimos la reiteración de lo que es común a la estructura de las dos lenguas, y la española es el término de referencia de nuestro estudio (Carballo Calero 1973, no prólogo á 4ª ed.).

Os outros dous riscos que a definen están declarados no propio título: «elemental», porque acolle só aspectos sobre os que na altura se posúe información e carece de capítulos obrigados en gramáticas sucintas ben estruturadas, verdadeiramente «elementais» noutro sentido; «do galego común» revela a vontade normativa do autor, unha empresa difícil na altura, porque, a causa da moi precaria definición do estándar, a gramática só podería cumprir ese papel ou cunha proposta que partise do coñecemento das distintas modalidades do galego falado e escrito ou dunha tradición moi decantada.

A posta ao día, partindo da descrición básica de Saco, implica darlle un aire de modernidade. E Carballo asume tamén esa faceta. No campo da fonética, por exemplo, esfórzase por empregar termos como «fonema, neutralización, localización, grao de abertura» etc., que sen dúbida lle dan un aire terminolóxico consonte os tempos. Como sinala Dubert (2000: 470), «Este vocabulario non só dá un sabor de modernidade á obra: revela máis ben a penetración das concepcións lingüísticas contemporáneas que por fin conciben os segmentos fónicos como obxectos de estudo en por si, independentes da súa representación gráfica».

Con todo e sendo un fito innegable na nosa historiografía lingüística, inicialmente, a gramática de Carballo Calero, apenas achega avances descritivos sobre a de Saco Arce, que segue fielmente: dunha banda, espella a precariedade dos resultados de investigación gramatical conseguidos na altura; doutra, o autor, de formación humanística pero non lingüística, carecía de investigación propia con que suplir estas carencias. En sucesivas edicións foi corrixindo e ampliando o seu texto consonte algúns xoves investigadores foron achegando resultados de investigación científica sobre o galego, ata que a magnitude destes avances volveu esa tarefa imposible (véxase Carballo 1979, prólogo á 7ª ed.), pero unha revista rápida do índice da derradeira edición e do espazo dedicado a cada parte abonda para percibir ese carácter lacunar e descompensado.

Chega un punto en que renuncia a incorporar ao seu texto os avances do coñecemento sobre a gramática do galego: dío expresamente no prólogo da sétima edición (1979: 11), pero xa llo adiantara a Del Riego por carta varios anos antes. Ben é certo que moitas novidades viñan sendo incorporadas xa desde antes só en nota a rodapé, pero entre a terceira e a cuarta edición prodúcese ademais outro feito: xa que opta por manter coas modificacións indispensables o seu texto, coloca en primeiro lugar a «orientación bibliográfica», que toma agora un «carácter crítico» (Carballo 1974: 8), como unha advertencia ao lector de que para información particular ou máis matizada pode acudir á literatura científica especializada. Na sétima edición renuncia, incluso, a refacer a bibliografía (1979: 11-12):

Salvo alguna adición de relativa importancia, no hemos incrementado ni rehecho la bibliografía. Si la escasez de la misma nos movió en ediciones anteriores a procurar ser, si no exhaustivos, muy generosos en esa materia, la actual situación, de feliz desenvolvimiento de la lingüística gallega, desaconseja, en un manual elemental como el presente, referencias bibliográficas minuciosas.

A *Gramática* preséntase desde o primeiro momento como unha obra «en construción». Os epistolarios están cheos de referencias neste sentido, tanto para a colleita de novos materiais coma para o procedemento de inclusión das novidades no tecido da edición precedente. O cotexo das distintas edicións, no que non nos podemos demorar aquí, suscita algúns comentarios que cremos de interese:

- 1 Nas primeiras entregas vai mellorando o texto, incorporando as notas que vai acumulando entre edición e edición, con «aclaramentos, ampliacións e modificacións sugeridas por novas lecturas, o por observacións persoais sobre el comportamento de la lingua hablada» (Carballo 1970: 7).
- 2 Entre a terceira e a cuarta edicións, prodúcese a publicación das Normas da RAG, que fixan criterio normativo «al menos en quince puntos» (Carballo 1974: 7) e maila aparición dos métodos de galego do ILG, con propostas sobre eses puntos e moitos máis, que esixen a toma en consideración dalgunhas variantes (por asumidas ou por non asumidas). Todo isto ten consecuencias na reelaboración do texto. E, de feito, o da cuarta edición ten maior peso, é xa practicamente o texto definitivo.
- 3 Entre a terceira e a cuarta edicións cobra importancia a «Orientación bibliográfica», que toma carácter crítico e se traslada para o inicio. Nela non se inclúe a xa ampla produción no campo da lingüística e filoloxía galegas emanada da Facultade de Filosofía e Letras, aínda inédita. Tampouco se inclúe na sétima edición, pois renuncia a dar conta dos resultados do «feliz desenvolvemento de la lingüística gallega» (1979: 11)⁹.
- 4 Entre a terceira e a cuarta edicións tamén cobra outra natureza o capítulo introdutorio sobre historia da lingua, que pasa a chamarse «Generalidades». Forma parte dun cambio de interese en mostrar aspectos «lingüísticos» máis ca «gramaticais», como comenta nunha entrevista con Fernán Vello & Pillado (1986: 181). Un dos aspectos salientables é que deixa de facer o cotexo entre galego/portugués/castelán para desdoblarse en catro capítulos, dedicados á relación entre galego e portugués, galego e castelán, á posición do galego no occidente ibérico e á fragmentación lingüística do complexo occidental.

9 O criterio non exclúe «alguna adición de relativa importancia» (Carballo 1979: 11). Dáse conta, por exemplo, da *Fonoloxía gallega* de Amable Veiga (1976), pero non de ningún traballo de *Verba* (nº 1 1974) nin dos seus dez anexos de lingüística galega publicados ata entón.

5 Significativamente, o prólogo da cuarta edición mantense nas edicións seguintes, mesmo precedendo o da sétima edición. A derradeira edición (1979) non presenta cambios estruturais e de contido significativos, agás a inclusión dun capituliño chamado «Normas morfológicas».

2.2. Un fito: amplísima recepción e gran repercusión

A *Gramática elemental del gallego común* (1966) de Ricardo Carballo Calero tivo unha grande difusión, como o demostran as varias recensións que saudaron a súa saída e as continuas edicións nun curto espazo temporal (7ª ed. 1979). A Editorial Galaxia non conserva o dato do número de exemplares de cada edición¹⁰, pero sen dúbida a suma de todas –incluída a non venal patrocinada por Caixavigo– dá unha cantidade de libros dispersos polas casas galegas inusual na época.

Si podemos afirmar, pola experiencia vivida, que ao abeiro do pulo de Galaxia e do seu papel como texto universitario, a *Gramática elemental* se converteu na «gramática» da década dos setenta e tivo unha grande influencia normalizadora nesa época, sobre todo entre as primeiras xeracións de mozos comprometidos en reinstalar o idioma en espazos dos que fora excluído.

10 Recadamos dela, a cambio, a seguinte información, con datos que acaso sirvan a outros investigadores para continuar a pesquisa: 1966, primeira edición, Depósito Legal: VG-79-1966, 268 páxinas, 115 x 177 mm; 1968, segunda edición, sen datos; 1970, terceira edición, DL: VG-90-1968, 340 páxinas, 112 x 178 mm; 1974, cuarta edición, DL: VG 21-1974, ISBN: 84-7154-037-1, 332 páxinas, 115 x 177 mm; 1976, quinta edición (especial para Caixavigo), DL: VG 21-1974 (II), ISBN: 84-7154-037-1, 332 páxinas, 132 x 201 mm; 1976, sexta edición, DL: VG 21-1974 (II), ISBN: 84-7154-037-1, 332 páxinas, 113 x 180 mm; 1979, sétima edición, DL VG 214-1979, ISBN: 84-7154-037-1, 348 páxinas, 115 x 180 mm. Os datos confirman que a sexta edición e maila quinta son reprodución exacta da cuarta (Carballo 1979: 11), tamén a efectos editoriais. Agradezo a Loli Vicente a dilixencia e a información.

Referencias bibliográficas

Alonso Montero, X. (2003): *A batalla de Montevideo. Os agravios lingüísticos denunciados na UNESCO en 1954* (Vigo: Xerais).

Alonso Montero, X. (2009): «Para a biografía de Aníbal Otero como lingüista: documentos e datos inéditos ou descoñecidos», *Madrygal* 12, 11-24.

Alonso Pintos, S. (2006): *O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza & Instituto da Lingua Galega).

Álvarez Blanco, R. (1991): «Á procura dunhas bases para a unificación. A contribución de Antonio Couceiro Freijomil», en Brea, M. & Fernández Rei, F. (eds.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*, II, 19-31 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Álvarez Blanco, R. (2003): «A gramática galega», en Monteagudo Romero, H. & Bouzada Fernández, X. M. (coords.), *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Vol. III. Elaboración e difusión da lingua*, 131-163 e 455-457 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

Boullón Agrelo, A. I. & Tato Plaza, F. R. (1991): «A cátedra de Lingua e Literatura Galega da Universidade de Santiago: datos para a historia dunha reivindicación», en Brea, M. & Fernández Rei, F. (eds.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*, II, 33-53 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Carballo Calero, R. (1979) [1966]: *Gramática elemental del gallego común* (Vigo: Galaxia).

CC = Carvalho Calero, R. (2006): *Epistolario a Francisco Fernández del Riego*. Transcrición e edición, Dolores Vilavedra & Montserrat Pena (Vigo: Galaxia).

DD = Santamarina, A. (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. Versión 3 (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza & Instituto da Lingua Galega).

Dubert García, F. (2000): «Sons e letras nas gramáticas clásicas do galego», en Rodríguez, J. L. (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, 1, 463-476 (Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia & Universidade de Santiago de Compostela).

Fernán-Vello, M. A. & F. Pillado Mayor (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero* (Barcelona: Sotelo Blanco).

Freixeiro Mato, X. R. (1994): *Sebastián Martínez-Risco na cultura galega* (Santiago de Compostela: Laiovento).

Monteagudo, H. (2008): «Ramón Piñeiro, a Editorial Galaxia e a Real Academia Galega (1950-1962). Estratexias de resistencia idiomática fronte ao franquismo», *Grial* 177, 98-111.

Monteagudo, H. (2010): «A Fundación e Biblioteca Penzol e a Filoloxía galega», en Cabrera, M^a D. & Monteagudo, H. (eds.), *Fermín Penzol. Unha obra para un país*, 71-80 (Vigo: Galaxia & Penzol).

RP 2000 = Fernández del Riego, F. (2000): *Un epistolario de Ramón Piñeiro* (Vigo: Galaxia).

RP 2004 = Piñeiro, R. (2004): *Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero*. Edición de Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez, Carmen Fariña Miranda. Cadernos Ramón Piñeiro V (Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Política Lingüística. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades). Disponible en: <http://www.cirp.es/pub/docs/crp/crp05.pdf>.

RP 2009 = Piñeiro, Ramón (2009): *Cartas de Ramón Piñeiro a José Luis Pensado*. Edición de Luís Alonso Girgado, Élica Abal Santorum, Alexandra Cillero Prieto. Cadernos Ramón Piñeiro XII (Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Política Lingüística. CIRP). Disponible en: <http://www.cirp.es/pub/docs/crp/crp12.pdf>.

RP 2009b = Piñeiro, R. (2009): *Cartas (a Xosé F. Filgueira Valverde, Agustín Sixto Seco, Gabriel Celaya, Miguel C. Vidal, Juan San Martín, Francisco X. Carro Rosende e Xosé M. Rodríguez Pampín)*. Edición de Luís Alonso Girgado, Élica Abal Santorum, Alexandra Cillero Prieto. Cadernos Ramón Piñeiro XI (Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Política Lingüística. CIRP). Disponible en: <http://www.cirp.es/pub/docs/crp/crp11.pdf>.

Sánchez Rei, X. M. (2008): «Algunhas observacións sobre a *Gramática elemental del gallego común* de Ricardo Carvalho Calero», *Madrygal* 11, 101-112.

Santamarina, A. (2009): «Informe de Ramón Piñeiro á Real Academia Galega». *BRAG* 370, 7-17.